

palabras de luz

Durante os seus dezasete anos de vida, Cantabile experimentou todas as épocas, estilos e linguas que poden encontrarse na música coral, especialmente o barroco. Con todo, neste longo percorrido a música en galego tiña un papel moi limitado, reservado ás panxoliñas ou a arranxos de escasos textos do século XIX. Ante isto, na mente do noso socio e coralista Xulio Loureiro agromou unha idea brillante, que axiña fixemos nosa e puxemos en práctica.

Dores Tembrás achegounos o fío condutor desta aventura: a luz. Con ela en mente, convidamos doce poetas para que escribisen textos inéditos en lingua galega que, despois, entregamos a seis compositores e compositoras. Da súa comuñón naceu o repertorio que agora se materializa neste libro-CD: doce pezas corais en galego, contemporáneas, nadas do xenio de artistas da Galiza actual e pensadas para seren cantadas por todos aqueles coros que desexen participar da renovación da música coral galega e en galego.

Palabras de luz é unha proposta ambiciosa, nacida de dous intensos anos de traballo dunha asociación modesta, mais que ten a firme vontade de reivindicar unha cultura resistente, chea de vida e capaz de crear obras de arte de primeiro nivel. Porque ás veces, en lugar de esperar a que saia o sol, hai que facer un pequeno esforzo para que comece a lucir.

palabras de luz

Dareiche [Eva Veiga / María Mendoza] páxina 5 **Voces baixo a Vía Láctea** [Estíbaliz Espinosa / Jesús Rodil] páxina 6 **Lampírica do Pirilampo** [Carlos Negro / Octavio Vázquez] páxina 7 **A Fondóns non arriban as dornas** [Anxo Angueira / Fernando Buide] páxina 9 **O día e a noite** [Manuel Rivas / Juan Durán] páxina 10 **Luz de setembro** [Pilar Pallarés / Federico Mosquera] páxina 11 **Rompa se ten que romper** [María Lado / María Mendoza] páxina 13 **Nacemento** [Dores Tembrás / Jesús Rodil] **Luz de anainar** [Antía Otero / Fernando Buide] páxina 14 **Magnitude aparente** [Lucía Cernadas / Octavio Vázquez] páxina 15 **A árbore da cegueira** [Baldo Ramos / Federico Mosquera] páxina 16 **En que momento...** [Celso Fernández Sanmartín / Juan Durán] páxina 17

Dareiche

[Texto]

Eva Veiga

[Música]

María Mendoza

dareiche un sopro do dente de león
para que marche todo canto doe
dareiche o segredo da cerdeira
para que onda el gardes unha rama
dareiche unha ourela de mar sen anzol
para que os peixes tanxan a súa fruta
dareiche a luz enteira dun limoeiro
para que na noite te alumee un fanal

Voces baixo a Vía Láctea

[Texto]

Estíbaliz Espinosa

[Música]

Jesús Rodil

Faise de noite, noite total
Sae a lúa, trala Torre e as grúas
E cantas estrelas podes contar?
Esa é a miña! Esa é a túa!

A nosa Galaxia
é como unha rúa
chea de luces
que queren cantar
E nós que cantamos
sabemos de voces
queremos deixalas lucir
e brillar!

Por iso na noite, cantamos baixiño
por iso de día, cantamos ben forte
Contamos estrelas, somos astronautas
de viaxe ao fondo da nosa Galaxia
Coas luces baixiñas
Coas voces clariñas

Mira a Vía Láctea na Rúa Real!
Olla aí Orión sobre o Planetario
a Osa Maior co fociño no Acuario
e enriba da Torre a estrela Polar!

Coas luces baixiñas
Coas voces ben fortes!
Cantamos á noite
somos estrelas clin clan!
Somos astronautas totais!

Lampírica do pirilampo

[Texto]

Carlos Negro

[Música]

Octavio Vázquez

[Solistas]

Noa del Río García

soprano

Ana Rodríguez Rubio

mezzosoprano

Medianoite de agosto,
lonxe do ruído e o asfalto,
cando se apagan os focos,
cando máis brillan os astros.

Fai lanterna dos meus soños,
élitro de luz humilde,
ilumíname de novo,
ai lulú, ai lucecú!

Alumea e alumea
desde a braña ata a cidade,
entre a herba e o silencio,
vagalume da soidade.

No verán e pola festa,
élitro de luz alegre,
faroliño da verbena,
ai lulú, ai lucecú!

Alumea e alumea
sen foguete nin incendio,
asteroide en miniatura,
meteorito dun luceiro.

Do nocturno sortilexio,
élitro de luz lixeira,
luminaria do misterio,
ai lulú, ai lucecú!

Alumea e alumea
na noitiña do meu peito,
verme que ben namoras
con candeas polo ceo.

Das estrelas un heraldo,
élitro de luz celeste,
vagabundo do sagrado,
ai lulú, ai lucecú!

Xa chegou a despedida,
dorme a vella dos valados,
vén a luz da mañanciña,
abre os ollos polos prados.

Ai, adeus, meu lucecú!

A Fondóns non arriban as dornas

[Texto]

Anxo Angueira

[Música]

Fernando Buide
del Real

Os carballos descansan do outono
e do Sar que o levou para sempre
coa bubela e a luz da andoriña.
A Fondóns non arriban as dornas.

O deserto perdido dos nomes
é un encoro que roxe moi lonxe.
Unha música morre comigo.
A Fondóns non arriban as dornas.

Unha torre de area e de follas,
un muíño de lama e de sombras,
as ribeiras do río me enterran.
A Fondóns non arriban as dornas.

Á Trabanca chegou a maré
con inchadas bandeiras de luz
pra apagaren a sede de noite.
A Fondóns non arriban as dornas.

En Lestrobe pecharon as fiestras.
No Miranda é máis pálida a aurora.
Os ocasos son tristes e longos.
A Fondóns non arriban as dornas.

O día e a noite

[Texto]

Manuel Rivas

[Música]

Juan Durán

Temos un cantil de chan,
Temos un teito de estrelas,
Temos paredes de néboa,
Temos un leito ao poñente,
Temos o abrete de fiestra,
Temos o día e a noite,
Velaíña non te vaias,
Non te vaias velaíña,
Velaíña non te vaias.

Temos chorimas de inverno,
Temos ondas vagabundas,
Temos un barco de luces
Cun cargamento de sombras,
Temos o día e a noite,
Velaíña non te vaias,
Non te vaias velaíña.
Velaíña non te vaias.

[Solistas]

Alejandro Carrión Orosa

soprano

Inés Carrión Orosa

soprano

Cando a morte fecha os ollos,
Velaíña ten da alma.
Cando o medo chama a porta,
Velaíña abre as alas.
Temos un fanal que ri,
Temos un candil que fala,
Velaíña non te vaias.

Cando o ceo faise inferno,
Cando rompe o horizonte,
Cando se afogan os soños,
Velaíña non te vaias,
Ven aniñar nas loairas,
Non te vaias velaíña.
Cando hai amor,
Estrelampa,
Velaíña non te vaias

Luz de setembro

[Texto]

Pilar Pallarés

[Música]

Federico Mosquera

*Para Manuel Álvarez Torneiro, que paseaba
as rúas da cidade por admirar a luz de setembro.*

Para Afonso Mendes Souto, que vive nela.

Luz de setembro,
sempre nun ritornello adolescente
(novo do trinque o mundo
nun planeta vello).

Luz baixo as perfebas de novembro,
Ofelia adormecida na ribeira.

Lagoa de cristal no ceu de Advento.

Luz silenciosa
pulando da raíz até os paxaros,
inventando o verdor,
criando marzo
nas entrañas do tempo.

Luz pura do verán:
país da infancia.

Rompa se ten que romper

[Texto]
María Lado

[Música]
María Mendoza

que non chegue esta mañá,
co seu habito dourado,
murmurando sobre a noite
que olvidar é obrigado

na rúa onde nos buscamos
que non entre a alba descalza
tan serena e desvelada
con maneiras de fantasma

que nunca lle esquezna ao día
que naceu da madrugada
rompa se ten que romper

non creas no espreguizarse
da vida cotiá que canta
con palabras sibilantes
en linguas que nos sinalan.

envexan o silencioso
manto que a noite nos presta,
tan escuro e necesario
para arder lume e estrela

se canto máis anda o sol
deita sombras máis profundas
rompa o que ten que romper

e se nos fascina o seixo
que se estende nos camiños
é por lle saír o brillo
das mil dores que o puliron

e xa que o meu corazón
non sabe de andar dereito
non se laia do pasado
nin se arrepite do feito

para que seguir os rastros
das que nunca se arriscaron
rompa se ten que romper

o noso breve alampar
como fogo de artificio
bordaba no terciopelo
da noite centos de bicos

estrelaba en mil anacos
punzantes de porcelana
os enganos que nos atan
ouro e prata, logro e fama

quen había lamentar
ter ardido nesta chama?
rompa o que ten que romper

Nacemento

De Romeu e Duarte.

[Texto]

Dores Tembrás

[Música]

Jesús Rodil

cingue a fosforescencia amor
sílabas que nos abrigan
vagalume ou campá
estiñando a noite

se me dou cega
recoñecerasme no pan?
escintila a ofrenda
igual que as palabras refulxen

*ti eras a luz
pálpebra que couta o día
pestanexo que nos sostén*

[Solistas]

Mariana Boedo Buño

soprano

Romeu Tembrás Sánchez

soprano

pulso quebrando o escuro
acouga o bater de ás
son corpo ou leite
na ascensión das horas

o teu alento colmado de espigas
na bóveda apincarada de azougue
igual que a cerdeira
incendia o ar por xuño

*ti eras a luz
pálpebra que couta o día
pestanexo que nos sostén*

Luz de anainar

A Airas.

[Texto]

Antía Otero

[Música]

Fernando Buide
del Real

Un vagalume abre o camiño
a esfera brilla
faise misterio
o verde sostén o tronso da noite
repousa na calma
no peito que aleita

e non sabe

se isto é canto de berce
ou constelación

ea, ea, é / ea, ea, é
ea, ea, é / ea, ea, é

Como o mar cando hai ardora
todo ti
salina de prata
un fío na voz
garda silencio
falando ao oído

é un enigma

canto porvir
cabe nos ollos

ea, ea, é / ea, ea, é
ea, ea, é / ea, ea, é

Escoita, meu ben, o acougo
aínda non é o rompente
virán pardais
aire de folerpas
o fulgor maino
da luzada

seremos

un batir de ás
aquele que no arrolo medra

ea, ea, é / ea, ea, é
ea, ea, é / ea, ea, é

Magnitude aparente

[Texto]

Lucía Cernadas

[Música]

Octavio Vázquez

Será que comunguei de ti
a presas colmadas de biscoito
arredor da primeira candeia.

Que te vestín de silencios tortos
nun caderno grande de máis
con constancia total de queimadura.

Será que diluíñ entre os dentes
cada agosto
a tinta que pousaches
na pel das ameixas.

Que te peiteei entre as pestanas
na molície
igual que ti peiteas as mazás
(pequenas gũiras outonizas).

Será que te coidei perfecta
en cada fotograma de infancia.

Ha de ser por iso
que agora,
cando fago do meu corpo un manifesto,
me outorgas a delicia
de positivarme
e desde o espello me devolves
un ollar que me suxeita.

A árbore da cegueira

*para Aldara e Mateo,
que aprenden na música os segredos doutra luz.*

[Texto]

Baldo Ramos

[Música]

Federico Mosquera

I
entrou na codia da luz.
ulía a esperanza a viño agreado.
escoitou tras das paredes ferver a mercromina.
o aire estreaba os corredores da unción.
detivo o paso.
a música derretida nas bisagras
impediu abrir a caixa do recordo.
mirou por riba dos ombros.
ardía a cidade na súa ollada.
detivo o paso novamente.
recoñeceu na curva da evocación
os labios que pecharan os armarios,
o vidro do poema
licuado no absurdo.
fíxose a pregunta de a quen
ou para que escribir.
e o día rematou como empezara.

II
estendín os dedos ata dar co oco do ouveo,
coa fractura da linguaxe.
nun intre esvaradío
o equilibrio vadeou o seu corpo,
vixiou a floración das coitelas
e desexou o perfil da penetración.
descompuxo a paisaxe en tintas de cores
e esluíu o trazo na brancura.
a súa pel retivo a humidade das palabras.
transpiraba o seme manancial dos metais.
esfollou o abrocho
ata cifrar os hexámetros da semente.
as súas coxas tremían coa destilación da tarde.
e no centro da luz
os seus labios resignados
lambían a cegueira.

En que momento...

[Texto]

Celso Fernández
Sanmartín

[Música]

Juan Durán

[Solista]

Nicolás Rodríguez Vázquez
soprano

En que momento a luz non é
nen moita nen pouca

En que momento a auga
bebe unha luz e desprende un reflexo

En que momento
se nos vai a vida da luz dos ollos

En que momento os reptís e anfibios
se botan ó sol e quedan parados de sol

En que momento
as praias se enchen de veraneantes

En que momento a neve mailo sol
se tratan de igual a igual

En que momento están tan limpos os cristais
que non sabes se os tes ou se non

Por que o vento queda fóra dos cristais
e o sol entra

En que momento me deches a mau pola noite
e ma retiraches polo día

En que momento subín tan alto
que para ver tiven que mirar atrás

En que momento prefires a luz do día na pantalla
que a luz do día

En que momento as nubes tapan
coma cardumes de peixes

En que momento non queda sol ningún
e empeza a noite de verdá

En que momento dicir Luz dos meus ollos
pasou da metáfora á carne

En que momento unha chispa prendeu lume
e a castaña que se asa non a pode ver

En que momento hai que dar as grazas
pola luz coma por un anaco de piña

En que momento a luz do sol é piña
e a luz da lúá coco

En que momento pecho a porta
pero a cortina deixaa pasar, a luz

En que momento a luz
é luz para a vida dúas ou tres veces seguidas

A luz é a sorte
a noite é a sorte

luz nas palabras

ANXO ANGUEIRA /páxina 23/ O meu poema «A Fondóns non arriban as dornas» é produto dun diálogo co libro *En las orillas del Sar* de Rosalía de Castro, sobre todo co seu primeiro poema «Orillas del Sar». **FERNANDO BUIDE /páxina 23/** A primeira cantiga que compuxen para o coro Cantabile foi «A Fondóns non arriban as dornas», sobre un texto de intensa carga lírica de Anxo Angueira. **LUCÍA CERNADAS /páxina 24/** A magnitude aparente é o brillo que chega a nós de calquera astro: non é o brillo total que desprenden, senón o que as persoas recollemos. **JUAN DURÁN /páxina 24/** Cando se pon música a un texto sempre é o seu contido o que vai definir o carácter da música. **ESTÍBALIZ ESPINOSA /páxina 25/** A miña idea central para este Proxecto da Luz de Cantabile era relacionar a astronomía e a música, que son dúas das miñas paixóns, e facelo a través dun poema, que é a terceira das miñas paixóns. **CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN /páxina 26/** Escribinvos unha letra para o voso coro e alegreime moito cando souben que a iades cantar, porque ás veces un escribe cousas para un fin e non chegan a onde un quixera. **MARÍA LADO /páxina 27/** Mentres escribía a letra desta canción tiña en mente ese sentimento de orgullo que aparece na canción de Edith Piaf «Non, je ne regrette rien». **MARÍA MENDOZA /páxina 28/** Foi moi emocionante poder compoñer estas cancións: fíxome moitísima ilusión que se contase comigo para ese proxecto porque, en primeiro lugar, o galego paréceme unha lingua fermosísima. **FEDERICO MOSQUERA /páxina 29/** Estou moi ilusionado de participar neste fermoso proxecto e de que cantedes as miñas composicións. **CARLOS NEGRO /páxina 30/** O texto poético dáse en si mesmo, entre o desexo, a intelixencia e a intuición. **ANTÍA OTERO /páxina 31/** A luz de anaiar é unha luz para cofear. Cofear ten que ver con dar un colo, con meter a alguén no colo. **PILAR PALLARÉS /páxina 31/** O poema naceu da miña obsesión polo tempo e da consciencia de estarmos conducindo o planeta ao colapso. **BALDO RAMOS /páxina 32/** A árbore da cegueira medra dentro de todos nós. **MANUEL RIVAS /páxina 32/** Eu vexo «O día e a noite» como un himno, mais un himno da intimidade do ser humano. **JESÚS RODIL /páxina 33/** «Nacemento» paréceme un poema precioso: rapidamente transportoume a un lugar e unha situación bastante precisos, porque apenas lin o poema sentín a dozura e a calma da nai co neno en brazos, a calma da noite. **DORES TEMBRÁS /páxina 35/** «Nacemento» fala do encontro, das primeiras noites nas que a nai aleita ao fillo. **OCTAVIO VÁZQUEZ /páxina 35/** A diferenza da música instrumental, cando compoño sobre un texto, a obra está baseada enteiramente no poema: é coma quen fai un traxe a medida. **EVA VEIGA /páxina 36/** Síntome moi honrada e moi feliz porque sei que o meu poema xunto co de outras e outros poetas vai ser cantado polo coro Cantabile.

Os seguintes textos son parte das mensaxes que nos fixeron chegar os e as artistas para iluminaren o contido das súas obras. Algúns dos fragmentos están transcritos de gravacións, pensadas para podermos escoitar as indicacións nas súas propias voces.

ANXO ANGUEIRA

Poeta

“ O meu poema «A Fondóns non arriban as dornas» é produto dun diálogo co libro *En las orillas del Sar* de Rosalía de Castro, sobre todo co seu primeiro poema «Orillas del Sar». Aí aparece a xeografía do meu texto. Fondóns é un topónimo dese poema que ninguén rexistrou, que ninguén se interesou por localizar. Entón, eu metinme a fondo nese texto e descubrín Fondóns. É un lugar recóndito á beira do río Sar. No poema, o que fago é retratar a miña experiencia pisando o territorio de Rosalía de Castro: o territorio xeográfico, mais tamén o territorio lírico dese seu poema extraordinario. Consequimos que as dornas chegasen a Padrón, á beira de Rosalía, subindo polo Ulla e polo Sar, mais a Fondóns non arriban, non son capaces de chegar. A Fondóns non chega moitas veces a crítica literaria que se achega a Rosalía de Castro: Fondóns é un recuncho, un afastamento buscado pola propia Rosalía de Castro, e o poema é un canto a todo iso.

FERNANDO BUIDE

Compositor

“ A primeira cantiga que compuxen para o coro Cantabile foi «A Fondóns non arriban as dornas», sobre un texto de intensa carga lírica de Anxo Angueira. A atmosfera da obra ten un certo carácter melancólico, ou incluso morriñento, como querendo expresar en música as palabras de Angueira: “unha música morre comigo”. O acompañamento de piano, coa súa incesante pulsión, suxire o movemento das augas do río Sar, sobre as que se constrúe o poema e sobre as que canta o coro. Cada nova estrofa vén ser unha variación da primeira, unha metáfora das augas do río que, ao pasar, sempre son as mesmas, pero sempre cambian. A frase

«A Fondóns non arriban as dornas» que se repite en cada estrofa é un recordo musical que vai artellando toda a cantiga.

A segunda peza que compuxen foi «Luz de anainar». Describe unha atmosfera moito máis calmada, por momentos case contemplativa, tentando plasmar en música a intimidade da noite que canta a autora. O tempo da cantiga detense e avanza constantemente, despregando a música o texto de forma paseña. A irregularidade da métrica dos versos vai guiando unha música de pulso e ritmo cambiante, ao mesmo tempo que plasma o movemento suave e cálido dese cantro de berce, sempre procurando reflectir esa luminosidade que posúe o poema de Antía Otero.

LUCÍA CERNADAS

Poeta

“ A magnitude aparente é o brillo que chega a nós de calquera astro: non é o brillo total que desprenden, senón o que as persoas recolleemos. O máis importante deses astros é o sol, que marca o tempo das nosas vidas. Con todo, tamén nós nos diriximos a esa luz. É dese intercambio de onde nace este poema. As catro primeiras estrofas son de ida: imaxes que se preguntan se son suficientes para **que chegue a estrofa de volta;** o momento en que a luz nos permite recoñecernos a nós mesmas como parte do seu ritmo.

JUAN DURÁN

Compositor

“ Cando se pon música a un texto sempre é o seu contido o que vai definir o carácter da música. Neste sentido, foi un pracer compoñer sobre «En

que momento» e «O día e a noite»: son dous fermosos poemas cheos de luminosidade. Por tanto, resultou unha música feliz, unha música luminosa, nada dramática; unha música que se expresa en positivo, buscando a complicidade co coro a partir dunhas harmonías moi coloristas. Foi unha delicia realizar este traballo e só queda que o coro Cantabile e Pablo Carballido gocen da música e que o público participe tamén da satisfacción que temos polo traballo realizado.

ESTÍBALIZ ESPINOSA

Poeta

“ A miña idea central para este Proxecto da Luz de Cantabile era relacionar a astronomía e a música, que son dúas das miñas paixóns, e facelo a través dun poema, que é a terceira das miñas paixóns. «Voces baixo a Vía Láctea» incide sobre a contaminación lumínica e sobre os clarescuros cando cantamos. Cando cantamos podemos facelo máis baixiño ou máis forte, facer dinámicas... igual que coa luz, que se pode facer que brille máis ou atenuar: facela máis mainiña, máis pequena. “Faise de noite, noite total, sae a lúa trala torre e as grúas” nunha cidade que se parece sospeitosamente á nosa, con guindastres e unha torre; “e cantas estrelas podes contar?”. Na nosa cidade, como en case todas as cidades con certo número de habitantes, non podemos ver moitas e é unha mágoa. Por iso falo de que a nosa galaxia é como “unha rúa de luces que queren cantar”, porque igual que nós queremos brillar cantando, a nosa galaxia podería brillar máis se iluminásemos un pouquiño menos. “Por iso na noite cantamos baixiño, poriso de día cantamos ben forte”: son as dinámicas das que falaba.

A voz, igual que a luz, pode ser máis baixiña ou máis forte. “Contamos estrelas” porque somos como astronautas desde a terra, que viaxamos coa imaxinación ao fondo da nosa galaxia, pero temos que poder vela para poder imaxinar viaxes nela, se non, é difícil. Logo escribo unha serie de imaxes na nosa cidade: “Mira a Vía Láctea na rúa Real, Orión sobre o Planetario, a Osa Maior co fociño no Acuario e arriba da Torre a Estrela Polar”. Tres destas imaxes son reais, unha delas non: a Vía Láctea sobre a rúa Real non se pode ver, porque na Coruña é practicamente invisible. Hai que saír ao campo, a un monte, a un sitio ben escuro, para vela. É o perfil da nosa propia galaxia: é unha especie de camiño branco de moitísimas estrelas. En cambio, Orión si é unha constelación moi recoñecible e moi querida, e si se pode ver sobre o planetario en certos meses do ano. A Osa Maior si que se ve sempre –é unha das constelacións circunpolares e no hemisferio norte vese todo o ano– e si podemos vela co fociño no acuario segundo o lugar da Coruña en que esteamos. Enriba da torre a estrela polar, tamén, porque, como sabedes, indica o norte e está fixa, e a torre tamén está orientada cara ao norte. Esa dinámica de voces fortes, luces fortes, voces baixiñas, luces baixiñas é o que quero conseguir con «Voces baixo a Vía Láctea».

**CELSO FERNÁNDEZ
SANMARTÍN**

Poeta

“Escribinvos unha letra para o voso coro e alegreime moito cando souben que a iades cantar, porque ás veces un escribe cousas para un fin e non chegan a onde un quixera. Pedíronme que vos falara dela, mais isto créame moitas dúbidas:

falar do poema ás veces lévate a querer explicar o que escribiches e hai veces que, se o explicas, xa non é o poema, xa é outra cousa. Daquela, vou simplemente ler: estou sentado no piso e é de noite, entón, as luces que hai son a que teño eu prendida, máis a luz que sae do computador para fóra, máis fóra a luz de dúas farolas e dunha farola baixa tamén, e as luces dos coches que pasan e as luces de algúns dos pisos que están prendidas a esta hora e, parécemo a min, que seguramente neses pisos, en cada un deles, están tamén gravando audios con poemas para mandarlle a alguén que os quere coñecer...

MARÍA LADO

Poeta

“Mentres escribía a letra desta canción tiña en mente ese sentimento de orgullo que aparece na canción de Edith Piaf «Non, je ne regrette rien». Tamén pensaba na rabia que por veces aparece nas cancións de desamor de Violeta Parra, a quen escoitaba moito na altura. A letra da miña canción é unha reivindicación da noite e da escuridade, que sempre se asocia con sentimentos negativos, porque creo que sen as sombras, sen a escuridade, non lucirían as estrelas. E por iso me parece fermosa. A noite é a protagonista da canción. Na canción a noite é o lugar da maxia mentres que o día é o do cotián, o menos excitante. Do mesmo xeito no texto fálase do valeroso que é non lamentarse polo que facemos ou deixamos de facer, pois creo que todas as decisións que tomamos na vida teñen a súa parte luminosa e a súa sombra e o importante é saber convivir coa luz e a escuridade que cada unha levamos dentro.

MARÍA MENDOZA

Compositora

“ Foi moi emocionante poder compoñer estas cancións: fíxome moitísima ilusión que se contase comigo para ese proxecto porque, en primeiro lugar, o galego paréceme unha lingua fermosísima. Eu non son galega -levo aquí varios anos- e creo que é unha lingua moi sonora, que da pé a musicar. Para isto, o primeiro que fixen foi pórme en contacto coas dúas poetas para saber o que sentían elas con estes textos e escoitar da súa propia voz que pensaban elas; o significado destes poemas, máis do que podía entender eu. Tamén lles pedín que se gravasen recitando eses poemas e para min foi moi importante para poder escoitar cal era o seu ritmo natural.

«Rompa se ten que romper» de María Lado é un poema moi longo, mais gustoume moito o que me transmitiu a autora sobre el. Dividino en dúas partes simétricas onde se repite practicamente o mesmo; en cada unha delas aparece dúas veces o retrouso, esa frase “rompa se ten que romper” que despois se repite como “rompa o que ten que romper”. É un poema que fala de non arrepentirse das cousas que se fixeron. Por iso, a min gustábame a idea de falar da luz e as sombras e usei acordes cunha harmonía un pouco escura ás veces, non tan esperada, que despois deben ROMPER, con maiúsculas.

Canto ao poema de Eva Veiga, é un texto que me provoca unha enorme ledicia. Eu quería unha harmonía que transmitise moitísima luz, como un raio de sol. Tentei reflectir na música a asociación de cousas alegres con outras que non o son tanto, acompañada dunha parte que se debe cantar “delicada como a espuma do mar”, unha idea que me parece moi suxestiva e expresa unha apertura, algo delicado, fermoso e positivo.

FEDERICO MOSQUERA

Compositor

“Estou moi ilusionado de participar neste fermoso proxecto e de que cantedes as miñas composicións. Son dúas: «A árbore da cegueira», con texto de Baldo Ramos, e «Luz de setembro» de Pilar Pallarés. A música en ambos casos ten un carácter algo escuro, melancólico. Isto é debido fundamentalmente a unha razón: cando eu compoño unha música baseada nun texto, para min o texto é unha lei que determina todo: a estrutura e, sobre todo, o carácter. Os dous textos son, dalgunha maneira, escuros, no caso da Árbore de cegueira incluso con algún toque erótico. Esa é a razón pola cal a música ten ese carácter.

Entendo «Luz de setembro» como unha sorte de lembranza do pasado. Fala da adolescencia, da nenez, de setembro, que é precisamente o mes que dá comezo ó outono despois dun longo verán. Un mes no cal a luz xa non é imponente, senón máis tenue. Unha das cousas que máis pensei nesta composición foi facer unha escritura na cal non todo sexa vertical, isto é, evitar a típica escritura clásica coral na que as catro voces cantan exactamente co mesmo ritmo e as sopranos levan a melodía. Veredes que moitas veces hai preguntas e respostas en dous grupos: as mulleres e os homes; soprano e alto por unha parte e tenor e baixo por outra. Estes grupos antifonais funcionan así durante toda a peza, salvo en momentos puntuais en que están todos xuntos formando harmonías. No final do poema hai unha esperanza de verán, mais sempre pensando no pasado: parece que a luz vai entrando pouco a pouco desde os baixos até as sopranos de forma ascendente, nunha especie de imitación por chanzas, culminando na frase “país da infancia”.

«A árbore da cegueira», ten un carácter distinto ao poema anterior, mais segue explorando elementos que

poderíamos identificar coma escuros. Divídese en dúas partes: chámase, de feito, poema en dous movementos. O primeiro lévame a imaxinarme nun hospital antigo con corredores fríos e baleiros, de aí esa música algo apagada. O segundo chamoume a atención polo seu contido abertamente erótico. Lembroume á poesía de Lorca, chea de mensaxes sensuais encubertas. Para min, describe clarisimamente un acto sexual desde o principio até o climax. Por suposto, todo o que sobe ten que baixar: hai unha relaxación clarísima “no centro da luz”. Esta palabra pareceume un momento moi fermoso para relaxar a tensión.

CARLOS NEGRO

Poeta

“ O texto poético dáse en si mesmo, entre o desexo, a intelixencia e a intuición. En esencia, cada poema que escribimos procura un achegamento ao esencial, non sempre medible na intención ou na causa. En todo caso, a través desta canción procuraba unha conexión emocional entre o íntimo e diminuto, representado polo vagalume, e o extenso e infinito, simbolizado polo universo. Desá antítese xunguida pola música naceu o poema como unha reivindicación dunha mirada limpa, despoxada de contaminación luminosa e acústica.

Neste contexto, o vagalume e a estrela son a poesía, dous fulgores que nos levan fascinando desde o principio dos tempos, brillos non tecnolóxicos, materia libre. Contra a extinción dos vagalumes, a favor do noso dereito a fitar as estrelas, entrégase o poema, pequeno lucecú da galaxia. E como un rumor de fondo, murmurio coral, a música das voces, que farán do ritmo, sentido, é dicir, outro xeito de apalpar a luz.

ANTÍA OTERO

Poeta

“ A luz de anainar é unha luz para cofear. Cofear ten que ver con dar un colo, con meter a alguén no colo. Falamos dunha luz moi especial, moi peculiar: a que hai xusto antes do mencer. Non é clara, de rompente, senón moito máis misteriosa. Cando escribín este texto, meu fillo tiña unhas semanas de vida e aleitaba a demanda, cando era preciso. Durante o día dáballle o peito, mais tamén pola noite, cando el quería. Ás veces era na madrugada, de noite, pero xa se intuía a mañá. A luz de anainar é unha luz verde: non é branca, nin amarela, nin sequera azul. Tende máis a verde porque está a medio camiño entre lugares. Lémbroo como un momento misterioso, de moita calma, no que a casa estaba completamente en silencio e nós permaneciamos xuntos nesa actividade de aleitar. Era un intre case enigmático e de paréntese, porque nel a escuridade aínda non remataba de morrer e o día non comezara a nacer. Case todo parecía posible. Cando tes un bebé no teu colo, cando estás cofeando a un bebé, podes imaxinar moitos futuros, os desexables e os terribles, pero todo se fai desde un presente moi consciente. Cando se aleita a un bebé hai un momento de moita intimidade: a ollada da nai e a súa atópanse. De aí que apareza esa idea de “escoita meu ben o acougo”, este acougo que vai ser irrepetible, limitado. Quixen capturar un instante que non vou volver vivir e que ten esa luz como testemuña. Esa luz que xa non é noite pero aínda non é rompente, e que é verde e brilla como un vagalume no medio do camiño.

PILAR PALLARÉS

Poeta

“ O poema naceu da miña obsesión polo tempo e da consciencia de estarmos conducindo o planeta

ao colapso. A luz é, para min, tempo. A de setembro é o paradoxo, porque anuncia o outono, o declinar, mais para os que somos ou fomos profesores, é o comezo dun novo ciclo, algo que agroma e bota a andar. Un curso como un novo ano. Adolescencia entre marmelos e un solpor que cada día chega un pouco máis cedo (reler, para explicar, as novelas de Otero). Esa luz, e a Bela Adormecida en novembro, e o cristal no ceo dos días de Advento, o esplendor do verán..., pautan e sosteñen o tempo, son a harmonía dun mundo que os humanos estamos a alterar violentamente. Por iso cada vez máis frecuentemente hai nos veráns luz de outono e setembro chega a confundirse con calquera outro mes.

BALDO RAMOS

Poeta

“ «A árbore da cegueira» medra dentro de todos nós. O seu froito é a desaparición. Cada un avanza cara ao final por un camiño de luz que ás veces nos permite ter esperanza. O poeta escribe para atopar ese refuxio, ese amparo. Por iso cultiva unha voz que co tempo será enxerto desa árbore do final. Porque confía na memoria.

MANUEL RIVAS

Poeta

“ Eu vexo «O día e a noite» como un himno, mais un himno da intimidade do ser humano. Está esa figura central, ese ser marabilloso, que é a velaiña, a bolboreta que procura luz na noite, e os seus voos incesantes arredor da lámpada. Cada estrofa tería esa forma de loita circular, de

voos. Son voos de simultaneidade dos contrarios: o desacougo e o amor, o medo e o desexo, por suposto esa contraposición de luz e escuridade... E así tamén hai un tempo compartido, mais tamén individual, interior; ten a feitura de “tempo intemporal”. Estou seguro de que faredes algo marabilloso que mellorará este poema e desexo boaventura para vós, para a xente de Cantabile.

JESÚS RODIL

Compositor

“ «Nacemento» paréceme un poema precioso: rapidamente transportoume a un lugar e unha situación bastante precisos, porque apenas lin o poema sentín a dozura e a calma da nai co neno en brazos, a calma da noite. Pensei nesa serenidade que surxe cando a nai ten nos brazos o seu recién nacido e as dúas respiracións sincronízanse e todo é perfecto: a luz, os olores, a temperatura... Tentei acompañar con música ese momento en que as palabras entran polo corpo a través das diferentes sensacións de olores, da vista, de sons, de sentir no tacto o aire... Tamén imaxino as noites de verán cando un está fóra no campo e sente a frescura despois de estar todo o día ao calor. Pensei nunha música moi sensorial, e desta maneira hai unha soprano solista que empeza a recitar o texto dunha maneira bastante libre. Isto contraponse ao resto do coro, que leva un ritmo preciso que empeza coa boca cerrada; pouco a pouco os sons, como se fose unha cousa lonxana ou un momento onírico, comezan a converterse en sílabas e despois en palabras: “ea” e “pestanexos”. Son os pestanexos do neno nos brazos da nai os que van marcando un ritmo constante que

simboliza o reloxo da vida dos pais: desde que nace ese neno, el vai ser o centro de toda a súa vida. Sobre ese ritmo constante a voz da soprano fai arabescos con melodías ondulantes que suxiren a nana da nai, que ten o neno en brazos e empeza a movelo con dozura.

«Voces baixo a Vía Láctea» é moi directo, moi festivo, e axiña transpórtanos a lugares que todos coñecemos moi ben da nosa cidade. Temos a torre de Hércules, as grúas que sobresaen polo perfil da urbe, o planetario, o acuario, a rúa Real... Pareceume un texto moi fresco. Estíbaliz Espinosa xoga cos distintos caracteres -incluso no texto orixinal hai versos en cores distintas porque quería que eu destacase distintas voces no coro-. Ela tamén é cantante, entón cando escribe pensa en Cantabile, pensa en todos os rapaces, na xuventude, en xogar coas palabras dunha forma estereofónica, en que saian as distintas voces proclamando as diferentes partes do texto. Foi un poema que disfrutei moito precisamente por esta linguaxe directa que me fixo recordar rapidamente a miña cidade, sobre todo estando fóra da casa, en Francia. Musicalmente tento seguir as distintas sensacións que transmite o poema, cun ritmo en seis por oito máis alegre próximo da música popular, que se contrapón a unha introdución algo máis misteriosa, como se estivésemos no campo da Torre de noite e aparecen todas as estrelas, empezando a verse a Vía Láctea. Hai esas dúas seccións contrapostas entre o misterio e a bruma que pode haber na nosa cidade ás veces de noite e esas partes máis populares e festivas de ir camiñando pola rúa Real, encontrarnos cos amigos ou xuntarnos con todos os de Cantabile para dar unha volta.

DORES TEMBRÁS

Poeta

“ Nacemento fala do encontro, das primeiras noites nas que a nai aleita ao fillo. O silencio extremo, a luz que cingue esa conexión e detén o tempo. Trátase dunha entrega inédita, atendendo ao que o corpo desata. As palabras tamén custodian esa unión, coma un sacramento antigo que recoñecemos. A capacidade de colmar acada neste punto a cota máis alta. O poema tenta recoller o estrañamento e fascinio ante a criatura que nos sostén coa delicadeza do paxaro, coa forza da bóveda celeste.

OCTAVIO VÁZQUEZ

Compositor

“ A diferenza da música instrumental, cando compoño sobre un texto, a obra está baseada enteiramente no poema: é coma quen fai un traxe a medida. Como veredes, o primeiro poema, «Magnitude aparente», de Lucía Cernadas, está construído en dúas partes ben distintas. O comezo é evocador do pasado, como se fose un encantamento ou unha ladaíña. Porén, todo iso vai en contraposición ao que vén despois: un final preparado, pero non por iso menos sorprendente e impactante.

Pola contra, «Lampírica do Pirilampo», de Carlos Negro, é un poema moi diferente, de forma estrófica, que nos coloca nunha contorna rural. Os vagalumes, que antes eran tan frecuentes, na Galiza xa case non se vén. Curiosamente, en Nova York hai moitísimos. Se ides aos parques entre o lusco e o fusco veredes centos deles: unha chea de luceciñas escintilando por todas partes. Se non o vedes, mesmo non parece que poida ser certo. Desde aquí, espero que vos gusten as pezas e vos divirtades preparándoas.

“ Síntome moi honrada e moi feliz porque sei que o meu poema xunto co de outras e outros poetas vai ser cantado polo coro Cantabile. Iso é unha emoción inmensa. María Mendoza, a compositora, elixiu un – porque eu enviei dous–, o máis breve, mais se cadra o máis alegre, un poema que se titula «Dareiche». O que eu quixera dar con este poema a calquera persoa é luz, un pouco desa luz con que a natureza nos agasalla decote. Luz para escorrentar aquilo que nos manque, para escorrentar os medos, ou a tristeza, ou, se acaso, para facer, por exemplo, a tristeza máis luminosa, que tamén pode ser así. En todo caso, o que busquei na natureza para traer ao poema é, en primeiro lugar, o sopro dun dente de león. Sabedes que a flor do dente de león cando ten as sementes parece unha nube de estreliñas que, se sopras, voan, e aí van as sementes a caer no chan para que nazan moitas outras flores. Ben, pois esa luz que, cando é flor, é dun amarelo marabilloso, moi moi luminoso, esa é a luz que quero para aliviar cando temos algunha dor.

“Dareiche o segredo da cerdeira para que onda el gardes unha rama”: o que queren dicir estes versos é que se hai unha luz de certo fermosa, para min polo menos, é a dunha cerdeira en flor. Eu digo que esa é unha emoción tan fonda que é como un segredo, porque é moi difícil de comunicar ás veces a emoción profunda. Eu digo que gardes unha rama aí, nese segredo, para que o teu corpo, para que ti, poidas lembrar esa emoción. Se a lembrás, a emoción volve renacer, volve a anovarse como fai cada primavera a propia cerdeira.

Noutros dous versos digo “dareiche unha ourela de mar sen anzol para que os peixes tanxan a súa fruta”. Falo da espuma na beira do mar, cando a auga, ao chocar coa area, fai con outras ondas

esa espuma que é como unha luz marabillosa que parece que se creba en anaquiños. Esa luz é tamén unha luz alegre, porque os peixes non teñen medo de picar o anzol que poida poñer un pescador, e falamos así da alegría.

Xa por último digo: “dareiche a luz enteira dun limoeiro para que na noite te alumee un fanal”. Un fanal é unha lámpada inmensa que dá moitísima luz, e coido que hai poucas árbores, poucas froitas, tan luminosas como o limón. No limón parece que está concentrada a luz do sol, entón, esa luz serve para iluminar a escuridade e os medos que nela poida haber. Eu xa estou emocionada de pensar que vou escoitar estas palabras na vosa voz e estou segura de que a luz que traeredes vós será inmensa, intensa, e que nos emocionará a todos.

voces de luz

Director Pablo Carballido del Camino

Pianista Maria Keilin

≧ Sopranos

Alejandro Carrión Orosa	Marta Duckworth Juárez
Candela Youmegne Portela	Nicolás Rodríguez Vázquez
Carlota Iglesias Rama	Noa Pardiñas Ujeda
Carmen Barredo Gómez	Noa del Río García
Emma Sterjo Martínez de Osaba	Noelia Saavedra Carnero
Héctor Noya López	Pablo Ares Otero
Inés Carrión Orosa	Romeu Tembrás Sánchez
Irene Pardiñas Bárbara	Silvia Adán Gómez
Jaime Losada Elorza	Sofía Iglesias Bárbara
Julia Mena Díaz	Sophia Elizabeth Clancy
Leonor Vázquez Veira	Tomás Fernández Antezana
Mara Valiño López	Valeria Mena Díaz
María Luisa Boas Vázquez	Xiana Vázquez Mosquera
Mariana Boedo Buño	



Altos

Alejandro Rodiles Freire
Alicia López Juárez
Ana Rodríguez Rubio
Candela Garea Veiga
Cristina García López
Gabriel de la Torre Taboada
Laura García Pereiro
Lucía Cernadas Varela
Luisa Marcos Pacheco
Marta Fernández González
Marta López Ojea
Raquel Cernadas Varela
Salma Arifi Abad

Tenores

Alejandro Fraga Fidalgo
Alejandro Pérez Pecorelli
Ángel Loureiro Louro
Iván Fernández González
Manuel González Veiga
Marcos Herrero Mejuto
Martín Yáñez Vaamonde
Mateo Duckworth Juárez
Ramón Fernández Antezana
Samuel Iglesias Cenicerros
Xoel Saavedra Carnero
Xulio Loureiro González



Baixos

Antón Loureiro Louro
Carlos Rodiles Freire
Daniel González Hernández
Isaac Martínez Bendayán
Manuel Segade Bodelo
Miguel Nó Gómez



A Xulio Loureiro, por loitar polas súas ideas. A poetas, compositores e compositora por se embarcaren nesta apaixonante aventura. A todos e cada un dos membros do coro Cantabile e ás súas familias, pola súa dedicación, a súa paciencia e o esforzo extraordinario que realizaron. A Pablo Carballido, que soubo comprender e plasmar nas voces de Cantabile a envergadura deste proxecto. A todas aquelas persoas que, de un xeito ou de outro, fixeron que **Palabras de Luz** se materializase. Para alén das institucións que nos apoian, este proxecto non sería realidade sen vós.

Grazas!

EDITA

Asociación musical e cultural Cantabile
R/ Sto. Tomás, 30
15002 A Coruña
T. 672 071 565 e 664 790 807
M. corocantabileacoruna@gmail.com
www.corocantabile.es

GRAVACIÓN

CRTVG

TÉCNICO DE GRAVACIÓN

Pablo Barreiro

DESEÑO

Marta Cortacans (Raspa's Crew)

IMPRIME

SGRAF

Dep. legal: C 1877-2019

© 2019 Coro Cantabile

Ningunha parte desta publicación pode reproducirse, transmitirse, transcribirse, almacenarse de ningunha forma e por ningún medio electrónico, mecánico, magnético, óptico, químico, manual ou de ningún outro sen a previa autorización por escrito da asociación.